



A Coruña, 28 de outubro de 2.021.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA N°6 TEMP 2022-23**

**Equipos participantes: C.W. Pontevedra -C.W. Lugo.**

**Competición: Liga Galega Waterpolo División de Honra Masculina.**

**Data de celebración: 23/10/2022.**

**FEITOS**

- O día 25 de outubro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:
- No minuto 02:08 do terceiro período expúlsase definitivamente e con substitución disciplinaria ao mesmo tempo que se lle amosa tarxeta vermella ao xogador local n° 12, D. P. Teijeira (número de licenza 1021268) por, tras pitárselle unha falta en contra, dirixirse ao colexiado dende a auga ríndose e apuntando co dedo índice á súa propia tempa á par que facía movementos circulares concéntricos co mesmo. Abandona o campo debidamente, situándose entre o público. Durante os 5 minutos de parón froito da rotura dunha corchera (ver parágrafo seguinte), este xogador volve facer acto de presenza na praia da piscina, desta vez preto da bancada do equipo visitante, intentando aguantar coa man a corchera defectuosa. Os colexiados indícanlle que, malia tentar axudar, non pode permanecer no vaso dado que está expulsado con tarxeta vermella, ao que P. Teijeira responde berrando en dirección á bancada local: «¡Kike! ¡Que no me deja estar aquí!». É preciso que os colexiados insistan en ata catro ocasións diferentes para que o xogador expulsado abandone definitivamente o espazo de competición. Finalmente, ó remate do encontro D. P. Teijeira (n° 12 local) achégase ao equipo arbitral (L. Dorado e N. Alén) dicindo o seguinte: «Bueno, vengo a pedir os perdón, que así no me sancionan». Esta expresión vén acompañada de dúas palmadas no ombreiro do colexiado N. Alén, acción que ambos árbitros reprobaban ao xogador. Respecto ao anotado na acta do encontro, o equipo arbitral desexa corrixir o erro no código empregado, debéndose substituír o "7" presente (expulsión definitiva non disciplinaria) polo "4" (expulsión definitiva disciplinaria) "
- O día 25 de outubro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos que motivan a súa expulsión como infracción leve do art. 7. I.1.e).
- A adopción dunha actitude pasiva ante as ordes dos árbitros de que abandone a piscina estando expulsado: infracción leve do art. 7. I.1.c)
- Do reflectido no informe: «Bueno, vengo a pedir os perdón, que así no me sancionan». Esta expresión vén acompañada de dúas palmadas no ombreiro do colexiado" non se pode apreciar atenuante de arrepentimento espontáneo do art 11 a) toda vez que semella estar lonxe de ser un arrepentimento verdadeiro e espontáneo. Ademais, darlle dúas palmadas no ombreiro constiúe unha acción de menosprezo ao arbitro que, en consecuencia, supón unha infracción leve do art 7.

I.1.e).

• **RESOLVE**

- Sancionar a D. P. Teijeira con número de licenza 1021268 xogador do C. W. Pontevedra cat. absoluta masculina con dous encontros de suspensión nesta categoría(art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN